

TRAVÉS DO TREBÓN

Vicente Araguas

Dossier de prensa

TRAVÉS DO TREBÓN

Vicente Araguas



Belagua

SINOPSE

O verán de 1936 en Astaleiro transcorre tedioso para Vitolo ata que comezan a escoitarse rumores dunha sublevación no Exército. Tamén para Lucila, recién casada co tenente de navío Marcelo Glaría, que, allea á política, nesta cidade de funcionarios, cegos e militares ocupa o seu tempo entre os cafés coas amigas e o Cinema.

Cun estilo moi persoal, Vicente Araguas recrea en *Través do trebón* o ambiente asfixiante dunha cidade marítima pendente do que ocorre na súa base naval, pescudando nas razóns do instinto humano de supervivencia.

PRESENTACIÓN

O escritor ferrolán Vicente Araguas volve á narrativa coa novela *Través do trebón*, publicada por Belagua Ediciones, unha historia arredor da sublevación militar de 1936, que dedica ao seu irmán Eduardo.

Como xa fixera García Márquez co seu Macondo, Araguas sitúa a trama nunha vila ficticia chamada Astaleiro, unha cidade de provincias cuxa vida económica depende en gran medida dos militares da base naval aí instalada e das súas familias.

Araguas retrata en *Través do trebón* unha sociedade semiacomodada e medorenta de Deus, cuxos habitantes asisten impasibles á inestabilidade política do momento agardando que sexan os acontecementos os que determinen a liña do seu pensamento e do seu comportamento.

Cun estilo moi persoal, no que chega ata a prescindir da puntuación, Araguas recrea nesta novela un episodio histórico, o da morte do condestable Dionisio Mouriño —Méndes, na novela—, o 20 de xullo de 1936, e a conseguinte desmoralización dos militares leais á República, durante o seu enfrontamento cos golpistas no interior do arsenal de Ferrol, feito que supuxo o control da base naval polas tropas rebeldes, e foi clave no desenvolvemento posterior da Guerra Civil.

Través do trebón é a terceira novela de Vicente Araguas, tras *Agora xa foi* e *A canción do verán*, coas que conforma unha mostra polivalente de concepto e estilos narrativos.

O autor, doutor en Filoloxía Inglesa, é un escritor todoterreno que gusta de plasmar nas súas obras toda a riqueza léxica do vocabulario propiamente ferrolán. En *Través do trebón* o lector atopará moitos vocablos dunha xerga arraigada na comarca ferrolá, así como inxenosos xogos verbais de ditos populares ou alcumes de connotacións localistas.

SOBRE O AUTOR

VICENTE ARAGUAS (Xuvia-Neda, 1950), colaborador habitual en varios xornais galegos, é un escritor todoterreo, se ben a súa obra abarque, basicamente, o ámbito poético. Anterior a *Través do trebón* ten publicado en galego outras dúas novelas: *Agora xa foi* e *A canción do verán*, mostra polivalente de concepto e estilos.

Doutor en Filoloxía Inglesa cunha tese sobre Bob Dylan deu ao prelo a versión española desta so do título de *El mundo poético de Bob Dylan*.

MÁIS INFORMACIÓN: correo@belaguaediciones.com - Tel. 697 374 640